

Introducción

Clara Guede Fernández

MÉDICA DE FAMILIA. PRESIDENTA DO COMITÉ CIENTÍFICO DAS XXII XORNADAS GALEGAS DE MEDICINA DE FAMILIA E COMUNITARIA

O pasado mes de febreiro tiveron lugar as **XXII Xornadas Galegas** da nosa sociedade científica. Este evento víñase realizando nos últimos anos no mes de novembro, mais en 2018 aprazouse por mor da celebración do exame da oferta pública de emprego que se celebrou o día 25 dese mes. A pesares disto houbo un esforzo por parte dos médicos de familia da nosa comunidade por presentar e enviar traballos para presentar e dar a coñecer durante as Xornadas.

Recibíronse un total de noventa comunicacións, das cales foron presentadas como comunicacións orais catorce. Destas, seis foron resultados de investigación, dous foron proxectos de investigación e seis foron experiencias. Presentáronse como póster con defensa vinteunha comunicacións: dúas experiencias e dezanove casos clínicos.

O **1º premio** outorgóuselle á experiencia titulada: **“Salubrízate: en armonía con las personas y el entorno”**, dos autores Santiago Fernández Blas, Néstor J Sánchez Sánchez, Karin Meier Cacharo, Olaya López Pereiro, Alejandra Martínez Franco e Lucía Estevez Valencia. O **2º premio** levouno o proxecto de investigación titulado **“Cuestionario Cambados: una ferramenta para definir os e-senior chronics”**, dos autores: Ismael Said Criado, Gloria González Cristobo, Modesto Martínez Pillado e Antonio Ángel Regueiro Martínez. Os **casos clínicos premiados** foron os titulados: **“Fibromialgia: la comunicación también es una opción”** das autoras Ana Mozo Ríos, Alba López Souto e Noelia Rabuñal Fernández; e o caso titulado: **“Non todo é o que parece”** de Cristina Rodríguez Díaz e Leticia Boyero Fernández.

Os casos clínicos seguen a ser os grandes protagonistas á hora de recibir comunicacións nas xornadas científicas. Probablemente porque por un lado para os residentes é unha forma moi asequible de iniciarse na publicación en xornadas e congresos e ademais porque é unha forma de aprender da forma de proceder e de recordar e actualizarnos en vías de actuación. Con todo, debemos facer un esforzo por recuperar e retomar os proxectos de investigación para así reforzar a nosa área científica da profesión de médicos de familia. Os titores de residentes e as unidades docentes aquí xogan un papel fundamental para non perder a ilusión e a capacidade de motivar aos seus residentes.

Destacaría destas xornadas que recibimos un total de doce experiencias, case o mesmo número que de resultados de investigación. Nótase a necesidade de dar a coñecer as experiencias que estamos levando a cabo nos nosos centros de saúde para que así podamos extender a nosa labor a outros compañeiros e outras zonas de Galicia. O que non se comunica, non existe, o que non se coñece, non se valora.

Dende o Comité Científico gustaríanos dárvolas grazas a tódolos participantes. Polo voso esforzo, polas vosas ganas de seguir formando e formándovos. E sobretudo polo interese enorme que temos todos de seguir loitando por unha Atención Primaria digna.